

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de Filosofía para o 1º curso de Bacharelato tendo como referencia o Decreto XX/2022 de 2022 onde se define o curriculum da ESO e Bacharelato na CCAA de Galicia.

Na elaboración das unidades didácticas tivose en conta en primeiro lugar a especificidade da filosofía. Neste sentido é importante ter en conta que a filosofía propónse fomentar a reflexión sobre os problemas universais e fundacionais ao mesmo tempo que ofrecer unha caixa de ferramentas para a reflexión crítica e racional sobre eles. Sempre coa intención de promover a madurez persoal e social do alumnado, dende a súa autonomía, coa adquisicións de instrumentos e a súa posta en práctica.

Polo tanto, a materia de 1º de Bacharelato se constitúe como unha introdución á filosofía con tres finalidades: (1) Por un lado, ofrecer un marco conceptual e metodolóxico das inquietudes universais e fundacionais do ser humano; (2) Por outro lado, fomentar os instrumentos de diálogo e escoita racional dunha sociedade democrática e ética coas ferramentas da argumentación racional; e finalmente (3) adquirir as ferramentas para a reflexión crítica e creativa sobre un mesmo e sobre os problemas da sociedade contemporánea.

En coherencia con estes plantexamentos a materia de 1º de Bacharelato é unha introdución á filosofía. Busca fomentar a adquisición no alumnado de: (a) unha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos; (b) un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas; (c) o pensamento autónomo e rigoroso; e finalmente, (d) o recoñecemento das diversas concepción e ideas sobre os problemas filosóficos.

Os criterios de corrección e os indicadores de logro especificados son en consecuencia coherentes coas finalidades e obxectivos indicados, Desenvólvense polo tanto na programación ao longo dunha avaliación continua en nove unidades didácticas. Comezamos cunha introdución a disciplina e a súas ferramentas, para logo percorrer as preguntas filosóficas nas ramas da filosofía: antropoloxía, epistemoloxía, metafísica, filosofía política, ética e estética.

Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación desenvólvese no IES A Xunqueira I, este centro está ubicado na rúa Alexandre Bóveda s/n, de Pontevedra. Trátase dun Centro urbano pero con moito alumnado procedente do rural, especialmente en Educación Secundaria, mentres que o alumnado de Bacharelato procede do propio Centro, doutros Centros da cidade e mesmo doutros concellos, nomeadamente nos Bacharelatos da modalidade de Artes.

O Departamento de Filosofía neste curso académico está composto polos profesores César Vallejo Palacios (Xefe de Departamento) e Sonia Soto Boullosa.

As materias a impartir por este Departamento son Historia da Filosofía (2º Bach., 2 grupos, un deles de Ciencias Sociais e outro no que se mesturan o alumnado de Humanidades e o de Artes, como optativa), Psicoloxía (2º Bach., 1 grupo con alumnado procedente das modalidades Científica e Humanidades e Ciencias Sociais), Filosofía (1º Bach., 5 grupos), Filosofía (4º ESO, 1 grupos), Valores éticos (2º, 4º ESO) e Educación en valores ético-cívicos (4 grupos en 3º ESO), esta última materia é impartida por profesorado doutros departamentos. Neste curso continúaase a sección bilingüe en inglés na materia de Valores éticos en 4º ESO.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinares, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.	2-3				12-40	1-3-4		1
OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	1-2-3-5		1	1-3	40	3	3	
OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		31	2-3		1-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos.	2-5					1-2-3		2

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución á filosofía	Introdución ao saber filosófico entre as diferentes formas de coñecemento humano.	11	15	X		
2	Antropoloxía: natureza ou cultura?	Introducción a reflexión filosófica sobre o ser humano	11	10	X		
3	Filosofía e xénero	Análise crítico das ausencias e discriminacións que cuestionan a tradición.	12	12	X		
4	Epistemoloxía: que é coñecemento?	Introdución a reflexión filosófica sobre o coñecemento: que é que, tipos....	12	10		X	
5	Pensando loxicamente	Agumentación formalmente válida, informal, incorrecta.	8	8		X	
6	Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada?	Introdución a reflexión filosófica sobre a realidade.	12	15		X	
7	Ética: de onde ven o ben e o mal?	Introdución a reflexión filosófica sobre as diferentes concepción morais e éticas	12	15			X
8	Filosofía Política: que é o ben común?	Introdución a reflexión filosófica sobre o ben común.	12	10			X
9	Que é a beleza?	Introdución a reflexión filosófica sobre a beleza e a estética	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución á filosofía	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Definir de xeito claro e rigoroso as características e instrumentos fundamentais da filosofía	PE	50
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprende e analiza textos filosóficos e diferencíalos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos	TI	50
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos		
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as taboas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. - Características da filosofía. - Concepcións da filosofía. - A tradición filosófica. - Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía. - A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico. - A filosofía como saber.

Contidos

- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.
- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.
- Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética.
- As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.
- Os métodos da filosofía.
- O traballo filosófico.
- Uso e análise crítico de fontes.
- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- O sentido da filosofía no século XXI.
- Sentido e finalidade da filosofía.
- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.
- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.

UD	Título da UD	Duración
2	Antropoloxía: natureza ou cultura?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Xera unha reflexión acerca do que é a filosofía e a antropoloxía distinguíndoa doutros saberes.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.	TI	50
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Analiza criticamente mediante un texto as teorías filosóficas do ser humano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - A filosofía e a existencia humana. - O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana. - A especificidade natural do Homo sapiens. - Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos. - Personalidade e identidade persoal. - A estrutura psicosomática da personalidade. - Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas. - Consciencia e linguaxe. - O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade. - Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

UD	Título da UD	Duración
3	Filosofía e xénero	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Elabora unha argumentación razonada oral e escrita algún dos problemas filosóficos máis relevantes da historia, desenvolvendo ao mesmo tempo unha opinión persoal	PE	50
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.	TI	50
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Analiza criticamente mediante un texto as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición. - Filosofía e condición social: a discriminación social. - Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía. - Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sentido da filosofía no século XXI. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.

UD	Título da UD	Duración
4	Epistemoloxía: que é coñecemento?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado.	PE	50
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Analiza de xeito argumental a transcendencia dos problemas filosóficos e a súa relación con algunha disciplina.	TI	50
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Argumenta e comenta textos sobre cuestión de actualidade empregando conceptos filosóficos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O problema filosófico do coñecemento. - Definición, posibilidade e límites do coñecemento. - A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías. - A dimensión social e política do coñecemento. - O papel da muller na ciencia e nos outros saberes. - Coñecemento e interese.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saber e poder. - A tecnociencia contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
5	Pensando loxicamente	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición de contidos, así como unha exposición oral e escrita coherente dos mesmos.	TI	100
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A verdade como obxectivo do coñecemento. - As teorías da verdade. - O fenómeno da desinformación e a «posverdade». - O razoamento e a argumentación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional. - A argumentación informal. - A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos. - O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.

UD	Título da UD	Duración
6	Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado.	PE	50
CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.	Analiza as ideas principais dun textos filosófico e ponas en relación con outros problemas principais da filosofía ou da actualidade.	TI	50
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Analiza de xeito formal e informal a argumentación textual e identifica as falacias e nesgos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O problema metafísico do real. - Aparencia e realidade. As realidades virtuais. - Unidade e pluralidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Categorías e modos de ser. - Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais. - O problema filosófico do tempo e do cambio. - O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. - O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade. - O problema filosófico da existencia de Deus. - Teísmo, ateísmo e agnosticismo.

UD	Título da UD	Duración
7	Ética: de onde ven o ben e o mal?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio.	PE	50
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e analizar textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos	TI	50
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>	<p>Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as taboas.</p>		
<p>CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>	<p>Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.</p>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O feito ético e a razón práctica. - Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política. - A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral. - Metaética e ética normativa. - Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo. - Formalismo ético fronte a materialismo ético. - Universalismo e relativismos éticos. - Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes. - Éticas aplicadas. - A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal. - Problemas éticos actuais. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As desigualdades e a pobreza. - A discriminación e o respecto polas minorías. - Problemas ecosociais e medioambientais. - Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito. - Orixe, lexitimidade e vixencia. - Xeracións dos dereitos humanos. - Os dereitos da infancia. - Dereitos dos animais.

UD	Título da UD	Duración
8	Filosofía Política: que é o ben común?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Expón de xeito oral e escrito a influencia das diferentes pensadoras e pensadores ao longo da historia da filosofía.	PE	50
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos	TI	50
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Comprende e analiza textos filosóficos sobre problemas éticos e políticos da actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como animal político. - Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo. - Definición do político: legalidade e lexitimidade. - Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza. - O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo. - Cidadanía e Estado de benestar. - Xustiza e democracia. - A xustiza como problema filosófico. - A reflexión filosófica sobre a democracia. - Ideais, utopías e distopías. - Os movementos sociais e políticos. - O feminismo e a perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
9	Que é a beleza?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Reflexiona de xeito oral e escrito cuestións de relevancia arredor da crítica e do papel das imaxes, arte e linguaxe audiovisual.	PE	50
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos	TI	50
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte. - Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte. - Teorías e problemas estéticos contemporáneos. - A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual. - A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política. - Ética e estética. - O papel político da arte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará perseguirá este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, recesión, valoración de dilemas morais...). O obxectivo fundamental será o de estimular ao alumnado a pensar de xeito autónomo, aprendendo filosofía á vez que filosofan e tratando de fundamentar o que digan ou escriba con autonomía e espírito crítico.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas simetidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Ao inicio de cada unidade didáctica exoranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. Deixando claro os obxectivos concretos mínimos. A continuación farase unha introdución a cada UD activando os coñecementos previos do alumnado. Logo, desenvolveranse as actividades e proxectos propios da UD cun resume ou síntese final dos contidos e procesos presentado.

Nas aulas o alumnado traballará en grupos: dende o grupo aula aos grupos de traballo cooperativo. Realizaranse tamén tarefas individuais.

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen. Cada rúbrica será traballada na aula. Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. Se informará individualmente dos resultados ofrecendo en cada caso propostas de mellora.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lecturas de artigos xornalísticos e textos filosóficos sinxelos.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, recursos variados de internet e utilización de medios informáticos.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos propios do profesorado
Caderno filosófico
Libro de texto
Textos filosóficos
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Aula virtual da materia
Correo electrónico corporativo

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas. O cuaderno filosófico servirá de diario da aula. O correo electrónico corporativo do centro do profesorado servirá como tamén como lugar de entrega de traballos e como instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha actividade escrita que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	12	12	8	12	12	12	10	100
Proba escrita	50	50	50	50	0	50	50	50	50	46
Táboa de indicadores	50	50	50	50	100	50	50	50	50	54

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral...), suporá o 80 % da cualificación global (ata 8 puntos por trimestre).
2. Os traballos de ensaio e/ou presentacións que se propoñan suporán un 10% na cualificación.
3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.

Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores. Excepcionalmente só nunha avaliación do curso se considerará aprobado a partir do 4,5.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través dunha proba, semellante ás xa realizadas durante as avaliacións parciais.

A partir do 5 de xuño, segundo indica a lei, darase prioridade á preparación da proba extraordinaria e á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado coa materia sen superar.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliacións.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizada no que se desenvolvan os criterios mínimos esixibles en cada unidade didáctica.

O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen. (Disposición transitoria segunda. Resolución do 26 de maio de 2022).

O departamento de Filosofía propón un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. O alumnado de 1º de Bacharelato que promocione a 2º de Bacharelato coa materia de Filosofía pendente de 1º deberá recuperar a mesma a través dunhas actividades de repaso que lle serán entregadas ao inicio de cada cuadrimestre e que suporán un 30% da nota e dúas probas escritas nas que entrarán os contidos incluídos nas actividades e que suporá un 70% da nota. O alumnado poderá obter unha cualificación de 1 a 10 como resultado da nota media das actividades e dos exames realizados e superará a materia se obtén, como mínimo, un 5.

O Departamento fará un seguimento do alumnado coa Filosofía pendente e estará a súa disposición para prestar a axuda que demande tal alumnado co obxectivo de superar a materia.

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE proposta).

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas de cada grupo.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 6) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos queh ai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporánse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas.

Proporánse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos

en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	
ET.2 - Expresión oral e escrita	
ET.3 - Comunicación audiovisual	
ET.4 - Competencia dixital	
ET.5 - Emprendemento social	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.7 - Educación emocional e en valores	

	UD 9
ET.8 - Igualdade de xénero	
ET.9 - Creatividade	

Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Conmemoracións do Día internacional da muller traballadora, Día da paz e o día contra a violencia de xénero.	Actividades complementarias para traballar elementos transversais que contribúen a reforzar os obxectivos das materias deste Departamento

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. Constatación de que houbo unha boa relación profesor/a-alumno/a e o ambiente da clase foi agradable e de confianza
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.

5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. De cara a mellorar a do vindeiro curso o proceso de ensino e a práctica docente, prestaráselle especial atención a estes indicadores de logro e aos resultados académicos do alumnado deste Departamento na avaliación final e extraordinaria. Da análise destes indicadores e resultados poderanse derivar modificacións naqueles aspectos susceptibles de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens unha vez por avaliación. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes.
2. O grao de cumprimento da temporalización e do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados